

# ESCOLA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE CAMBRE

A Escola de Música Sementeira de Cambre comeza en setembro o seu curso Escolar 2022 - 2023. Son máis de 40 intensos anos de actividade no que a súa principal finalidade é a formación musical da poboación de Cambre e arredores. Formación musical que se complementa coa participación de todo o alumnado en distintas audicións didácticas ao longo do ano, ademais da opción, sempre baixo o asesoramento do profesorado, de formar parte das agrupacións da asociación: A Banda de Música Sementeira de Cambre, Banda Xuvenil Sementeira e Grupo de Música Tradicional Sementeira.

A Escola está xestionada pola Asociación Sementeira Cambre (entidade sen fin de lucro) e conta con financiamento principal do Concello de Cambre.

## CURSO 2022 -2023

O Souto, 8 baixo, Sigrás, 15181  
Cambre - A Coruña.

Web: [senteiracambre.org](http://senteiracambre.org)

**981 655 441 – 650 550 849**

 Sementeira Cambre Sementeira

 Sementeira\_cambre



## PREZOS

<b>MATRÍCULA UNIFAMILIAR</b> (só alumnado de novo ingreso, unha soa vez dentro do ano natural, ingreso no momento de facer a matrícula)	EMPADROADOS/AS	NON EMPADROADOS/AS
	75 €	90 €

### COTAS ANUAIS

<b>COTA DE SOCIO/A</b> (mínimo, unha por familia) O pagamento farase efectivo no primeiro trimestre do ano	20 € mínimo
<b>SEGURO ESCOLAR</b> (obrigatorio para todo o alumnado) O pagamento desta cota farase efectivo en setembro	10 €

### COTAS MENSUAIS

INSTRUMENTO (1/2 hora semana)	EMPADROADOS/AS	NON EMPADROADOS/AS
Óboe, Frauta, Clarinete, Saxofón, Trompeta, Trompa, Trombón, Bombardino, Tuba, Percusión, Violoncello, Instrumentos Tradicionais (gaita, zanfona e percusión tradicional)	50 €	55 €
Piano, Guitarra (Clásica, Eléctrica e Baixo Eléctrico).	55 €	62 €

LINGUAXE MUSICAL (2 horas semana) + INSTRUMENTO (1/2 hora semana)	EMPADROADOS/AS	NON EMPADROADOS/AS
Óboe, Frauta, Clarinete, Saxofón, Trompeta, Trompa, Trombón, Bombardino, Tuba, Percusión, Violoncello, Instrumentos Tradicionais (gaita, zanfona, percusión)	55 €	61 €
Piano, Guitarra (Clásica, Eléctrica e Baixo Eléctrico).	61 €	67 €

LINGUAXE MUSICAL ADULTOS e ADULTAS / INICIACIÓN Á LINGUAXE MUSICAL (1 hora semana) + INSTRUMENTO (1/2 hora semana)	EMPADROADOS/AS	NON EMPADROADOS/AS
Óboe, Frauta, Clarinete, Saxofón, Trompeta, Trompa, Trombón, Bombardino, Tuba, Percusión, Violoncello, Instrumentos Tradicionais (gaita, zanfona, percusión)	50 €	55 €
Piano, Guitarra (Clásica, Eléctrica e Baixo Eléctrico).	55 €	62 €

<b>MÚSICA EN FAMILIA</b>	30 €
<b>MÚSICA E MOVEMENTO</b>	22 €
<b>BAILE TRADICIONAL GALEGO</b>	15 €
<b>EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL (CORO INFANTIL) *</b>	8 €
<b>CONXUNTO CORAL (CORO ADULTOS e ADULTAS) *</b>	10 €
<b>INFORMÁTICA MUSICAL E NOVAS TECNOLOXÍAS</b>	22 €
<b>HISTORIA DA MÚSICA E HARMONÍA</b>	22 €
<b>COMBO ADULTOS e ADULTAS</b>	22 €

### DESCONTOS

• Desconto familiar	10% da cota global
• Desconto multidisciplinar	10% da cota individual
• Desconto agrupacións	15% da cota individual

\* (materias non suxeitas a descontos)

# MATERIAS FORMATIVAS

## **MÚSICA EN FAMILIA:**

Para crianzas de 1, a 3 anos (nados/as nos anos 2019, 2020, 2021).

Durante 50 minutos á semana acercaremos a música aos máis pequenos e pequenas. O alumnado deberá vir acompañado como mínimo dunha persoa de referencia.

Durante os primeiros anos de vida adquirimos o máximo nivel de capacidade para discriminar sons, tanto musicais como os referidos á linguaxe. Nestas sesións o alumnado desfruta dun entorno musical rico e variado por medio de xogos, bailes, cantos, etc. A través da música as crianzas descubren o mundo que lles rodea, aprenden a relacionarse e comunicarse, melloran a capacidade de atención, desenvolven o ouvido, a memoria e a psicomotricidade.

## **MÚSICA E MOVEMENTO:**

Iniciación á música para crianzas dividido en dous grupos:

- 4 e 5 anos (alumnado nado no 2017-2018)
- 6 anos (alumnado nado no 2016).

Clases de 1 hora á semana.

Impartirase un grupo de cada idade en inglés.

Mediante o xogo, acércanse os distintos parámetros musicais: altura, tempo, intensidade e os timbres. Ao longo do curso o alumnado asiste na escola a concertos onde coñecen as características e funcionamento dos instrumentos.

## **INICIACIÓN Á LINGUAXE MUSICAL:**

Para alumnado de 7 anos (nado no 2015), paralelamente á formación instrumental, non obrigatoria (1 hora á semana).

Curso preparatorio á Linguaxe Musical, traballaranse conceptos básicos de lectura e entoación.

## **LINGUAXE MUSICAL:**

Para alumnado a partir de 8 anos (nado no 2014 ou anterior), paralelamente á formación instrumental (2 días a semana, 1 hora).

Consta dun ciclo de 5 anos tendo o último a opción dun curso específico de preparación de acceso ao conservatorio.

## **LINGUAXE MUSICAL ADULTOS e ADULTAS:**

Para alumnado adulto de 1º ano de instrumento (nado no 2004 ou anterior), (1 hora á semana).

## **INFORMÁTICA MUSICAL NOVAS TECNOLOXÍAS:**

Orientado ao alumnado nado no 2010 ou anterior. (1 hora á semana).

O obxectivo desta materia é coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, os secuenciadores e os editores de audio dixital.

## **HISTORIA DA MÚSICA e HARMONÍA:**

Orientado ao alumnado que teña superado os 5 cursos de Linguaxe Musical (nados no 2009 ou anterior). (1 hora á semana).

O obxectivo desta materia é completar a formación recibida polo alumnado, introducíndoo no descubrimento dos diferentes estilos e modos da creación musical, para poder ubicar, comprender, asimilar e interpretar con facilidade calquera partitura e obra musical.

### **FORMACIÓN INSTRUMENTAL:**

A partir dos 7 anos (alumnado nado no 2015 ou anterior), paralelamente á Linguaxe Musical ou Iniciación á Linguaxe Musical (1/2 hora ou 1 hora individual á semana).

- **ÓBOE**
- **FRAUTA** (*prazas limitadas*)
- **CLARINETE**
- **SAXOFÓN** (*prazas limitadas*)
- **TROMPETA**
- **TROMPA**
- **TROMBÓN**
- **BOMBARDINO**
- **TUBA**
- **VIOLONCELLO**
- **PERCUSIÓN** (*Batería, timbais, xilófono, marimba, lira, multipercusión, etc.*)
- **INSTRUMENTOS TRADICIONAIS:**  
*GAITA, PERCUSIÓN TRADICIONAL, e ZANFONA* (*prazas limitadas*)
- **PIANO** (*prazas limitadas*)
- **GUIARRA** (*CLÁSICA, ELÉCTRICA e BAIXO ELÉCTRICO*) (*prazas limitadas*)

### **BAILE TRADICIONAL GALEGO:**

Distribuído en dúas franxas de idade:

- Alumnado nado no 2018-2017-2016-2015
- Alumnado nado no 2013 ou anterior) (1 hora á semana).

Preténdese completar a formación das crianzas sobre o folclore galego, desenvolvendo a psicomotricidade e os ámbitos cognitivos, afectivos e sociais.

### **EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL (CORO INFANTIL):**

A partir de 8 anos (alumnado nado no 2014 ou anterior), paralelamente á Linguaxe Musical (1 hora á semana).

Ten como finalidade potenciar a estimulación auditiva do alumnado e desenvolver o traballo vocal en grupo recoñecendo os elementos básicos da interpretación musical.

### **CONXUNTO CORAL (CORO ADULTOS E ADULTAS:**

Alumnado adulto (nado no 2004 ou anterior)

Sen necesidade de ter coñecementos musicais (1 hora e media á semana).

Nesta materia traballarase técnica vocal e repertorio de diferentes estilos a dúas e catro voces, formando parte do coro da Escola.

### **COMBO ADULTOS E ADULTAS:**

(Alumnado nado no 2004 ou anterior) Pensado para adultos e adultas a partir do 2º curso de instrumento para a práctica de conxunto (1 hora á semana)